



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Cuiñas Gómez, Íñigo  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Pérez Abellás, Adolfo  
Roca Pardiñas, Javier  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén  
Seoane Posse, Elena Celsa  
Tellado González, Fernando  
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

### PDI-A:

García Fontán, Soledad  
González Santamaría, Pedro  
Pérez Cota, Manuel  
Pino García, Antonio  
Pou Saracho, Juan María  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Vallejo Pousada Rafael  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Alfonso Carbó, Pedro  
Blanco García, Adrián  
Carrillo Pérez, Rosalía  
Fernández González, Brais  
Pereira Sánchez, Pablo

### PAS:

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alonso Carrera, Jaime  
Castro Cerceda, M<sup>a</sup> Luisa  
García Señorán, María del Mar  
García-Pintos Escuder, Adela  
González Álvarez, Dolores  
González Varela, Luis  
LLamas Nistal, Martín  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pillado González, Esther  
Rivo López Elena

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 27 de novembro de 2015, convocada para as 10:30 h en primeira convocatoria e ás 10:45 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **27 de novembro de 2015** ás 10:45 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar o seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de outubro de 2015 e da sesión extraordinaria do 27 de novembro de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Lectura do Manifesto do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.
4. Aprobación, se procede, do Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC).
5. Aprobación, se procede, dos criterios para o financiamento de escolas e facultades.
6. Proposta de nomeamento, se procede, dos representantes do alumnado na Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do H2020 – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade do Estado do Amapá* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Gran Colombia, Bogotá, Colombia*.
8. Elección de representantes na Comisión de Calidade: 1 Estudiante e 1 PAS.
9. Elección de representantes no Consello Social: 1 Estudiante.
10. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 Estudiante.

11. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 Estudante e 2 PDI.
12. Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 Estudante e 1 PDI.
13. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 1 PDI.
14. Rogos e preguntas.

Finalizada a sesión extraordinaria anterior, o reitor da comezo á sesión ordinaria do Consello de Goberno dando paso ao primeiro punto da orde do día.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de outubro de 2015 e da sesión extraordinaria do 27 de novembro de 2015.

En relación coa acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de outubro, indica o reitor que non se presentaron alegacións, polo que propón a aprobación de ambas actas.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

- a) Comeza o reitor informando de que o martes 17 de novembro formalizouse a constitución da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, coa sinatura ante notario no Porto do Molle da Universidade, Zona Franca, Airbus, Deltavigo, CAG e Udega. A este acto acudiu o conselleiro de Economía, que manifestou o apoio da Xunta ao proxecto, que se concretará unha vez constituídos os convenios e contratos programa para o mesmo. Nos próximos días celebrarase a asemblea constituínte, na que se tomarán os acordos, entre eles as persoas que ocuparán a presidencia, vicepresidencia e secretaria. Procederase á presentación dos convenios de colaboración, nos que se especificarán as liñas de traballo da universidade. Destaca o reitor que se abren novas ventás de oportunidade para moitos grupos de investigación da universidade, que amosaron o seu interese en participar na enquisa que fora realizada entre todos os do ámbito tecnolóxico de Vigo. Irase informando neste Consello de Goberno dos avances que se vaian producindo.
- b) Prosegue expoñendo o reitor da situación das negociacións que se están a levar a cabo dende hai catro anos para facer posible a instalación da sé do Campus do Mar nas antigas instalacións da ETEA. Coa aprobación no 2010 da súa consideración de Campus de Excelencia Internacional, e a definición do seu plano estratéxico, asentáronse as expectativas para situarse neses locais, que ofrecen a posibilidade de que podan atracar os buques oceanográficos na proximidade da sé. O Campus do Mar vai desenvolvéndose segundo o plano estratéxico, pero a parte relativa aos terreos vai máis lenta. Realiza o reitor unha análise da evolución experimentada na negociación polos terreos, dende o ano 2011 ata a actualidade, na que se está a producir o desbloqueo coa proposta da universidade á Xunta dunha cesión de terreos e inmobles a longo prazo, posible tecnicamente. Explica a implicación da Zona Franca nos proxectos do Campus do Mar (por ex. no Centro de Evolución Gastronómica de Galicia, BROA) e a oferta realizada ao Consorcio Zona Franca para a súa intervención no proxecto científico dos terreos da ETEA. A carta remitida á Zona Franca fíxose pública na prensa, polo

que desexa trasladalo ao Consello de Goberno. Continúa relatando que a semana próxima negociará coas outras administracións (Concello, XUGA) para que se sumen a este proxecto. Dos compromisos que se deriven desa negociación, dependerá o músculo económico do proxecto, e o seu calendario, subliña.

- c) No seguinte punto do seu informe, o reitor refire o acto de entrega da bandeira verde ao Campus de Pontevedra, o 18 de novembro, primeiro Campus de España en obter esta distinción polo seu traballo a prol do medio ambiente. Destaca a relevancia deste fito que supón unha clara distinción, enmarcada nos resultados de especialización do Campus CREA. Anuncia que a presentación oficial do Campus CREA se realizará o día 3 de decembro, nun acto de gran significación para o Campus de Pontevedra.
- d) Informa tamén da Reunión do Consello do Campus da Auga que tivo lugar o día 25, na que se informou dos avances na parte de infraestruturas, tanto da finalización do proxecto e da planificación que permitiría comezar ás obras no segundo semestre de 2016, arredor do verán.
- e) Continúa o reitor expoñendo que nestes días tivo lugar en Las Palmas de Gran Canaria a reunión do Consello Reitor da rede CEIMARNET, única rede que agrupa os Campus de Excelencia Internacional de ámbito mariño que actúa de xeito cooperativa. Empeza a rotación de presidencias, correspondendo a José Regidor García, reitor da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria, sendo o seguinte o reitor da Universidade de Cádiz, Eduardo González Mazo. Recalca o reitor que, a pesar da falta de apoio do Ministerio estanse a producir avances significativos no proceso de implantación de másteres interuniversitarios. Dende este curso, impártese o “Máster en Oceanografía”, con 26 estudantes. No ano próximo entrará o “Máster en Xestión da Pesca”, que lidera a Universidade de Vigo e posteriormente o de “Xestión Integral da Zona Costeira”, coordinados polos Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar e CEIMAR, respectivamente e finalmente, o “Máster en Tecnoloxías mariñas subacuáticas”, liderado polo Campus Mare Nostrum.

Destaca o reitor que, dende o cambio no ministerio logrouse por primeira unha convocatoria de financiamento dos Campus de Excelencia Internacional publicada recentemente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á que concorreron conxuntamente solicitando recursos económicos para financiar axudas para estancias curtas de estudantes dos catro Campus de Excelencia para cursar estudos en universidades distintas a aquelas nas que estean matriculados. Finalmente, informa que tamén foi aprobado un plano de actuación para o fomento do emprendemento e a empleabilidade no ámbito mariño, liderado polo Campus do Mar. O modelo do EMPRENDEMAR será estendido polos outros Campus de Excelencia creando unha liña azul do emprendemento, subliña o reitor.

- f) Pasa a informar a continuación da clausura no día de hoxe do Encontro Internacional de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento SUG-Norte de Portugal, organizado pola Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, que se enmarca na liña de seguir fortalecendo a euro rexión, alongando o marco da CRUSOE, á que solicitan unirse Cantabria e Estremadura, o que permitiría dar un salto de nivel importante. Na xuntanza da CRUSOE que terá lugar o día 11 en Vigo presentarase tres proxectos transversais: o desenvolvemento dunha plataforma multinivel, para o traballo e interacción virtual de carácter común, un proxecto de mobilidade estendido á macro rexión e un de emprendemento, dirixido a xente nova.

- g) Prosegue o informe do reitor cunha referencia á reunión do día 23 da CRUE, na que tivo lugar a elección de D. Segundo Píriz, reitor da Universidade de Estremadura e á posterior reunión da dirección xeral das rexións da CEE, na que se debateu acerca do RIS3 e do papel das universidades no H2020, sendo elixida a proposta da Universidade de Vigo para ser debatida diante das universidades europeas. O que, destaca, é un avance interesante para conseguir novos pasos no futuro.
- h) Noutra orde de cousas, o reitor felicita ao grupo de investigadores e investigadoras do grupo de Novos Materiais da universidade que puxo en marcha Biofast, unha iniciativa empresarial que hai uns días foi recoñecida co galardón ao mellor proxecto de emprendemento nos XX Premios Xove Empresario de AJE Pontevedra.
- i) E traslada tamén o agradecemento aos profesores D. José Montero Reguera que actuou como decano en funcións na Facultade de Filoloxía e Traducción e D. Pedro Araújo, decano da Facultade Ciencias de Ourense e D. Roberto Bustillo, decano da Facultade de Dereito tamén do Campus de Ourense polo traballo realizado. Da os parabéns aos equipos directivos elixidos nestes centros, encabezados por D. Luis Alonso Bacigalupe, D. Gil Garrote e D<sup>a</sup>. Marta Fernández Prieto.
- j) Para finalizar o seu informe, o reitor cede a palabra á secretaria xeral para explicar un punto relacionado co procedemento para a revisión dos regulamentos de réxime interno dos centros aprobados na sesión anterior do Consello de Goberno.

A secretaria xeral lembra que na sesión do Consello de Goberno anterior aprobáronse os regulamentos de réxime interno de catro centros, nomeadamente Facultade de Dereito, EE de Telecomunicación, Facultade de Fisioterapia e ETS de Enxeñaría de Minas, coa petición de que se revisara a composición da comisión de calidade dos centros, ao detectarse a ausencia dun representante do PAS. Feita esta revisión, verificouse que a composición proposta por estes centros no seu regulamento axústase á indicada no documento marco para a elaboración do Manual de Calidade, publicado pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo. Tras unha conversa mantida co xefe de Área de Apoio á Docencia e Calidade, e sendo conscientes de que algúns regulamentos doutros centros puideron ser aprobados con este erro, acordouse o seguinte procedemento de actuación para solucionalo: Trala constitución da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo, realizarase a modificación do Manual de Calidade no punto “5.2.7. Comisión de Calidade”, coa inclusión dun representante do PAS na composición da mesma. Unha vez aprobada dita modificación, ditarase a instrución de que todos os regulamentos serán afectados por ela, sendo a propia Comisión de Calidade a que procederá a dita revisión, xa que recóllese dita competencia no artigo 5.7 do seu Regulamento. Considérase que esta actuación será máis máis áxil que proceder a modificación de cada regulamento de xeito independente e garántese que en todos eles se cumpira a representatividade de todos os sectores da comunidade universitaria.

O reitor pregunta se algún membro do Claustro desexa algunha aclaración en relación a este informe, ao non haber intervencións, da paso ao seguinte punto.

**Punto 3** Lectura do Manifesto do día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen enmarca este manifesto nun conxunto de actividades que xiran entorn do día 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da

Violencia contra as mulleres, coas que a Universidade quere facer visible o seu compromiso contra a desigualdade e o total rexeitamento das violencias que provoca. Algunhas das medidas foron tomadas pola Universidade de Vigo, como a campaña de carteis, cambio do banner, tríptico informativo dos procedementos de actuación en caso dunha situación de acoso sexual ou por razón de sexo, outras foron desenvolvidas en colaboración coas outras universidades galegas e a Secretaría Xeral de Igualdade. O presente manifesto, di a secretaria xeral, foi consensuado polas unidades de igualdade de 40 universidades españolas que forman parte da rede para a excelencia universitaria á que está adherida a Universidade de Vigo.

A continuación a secretaria xeral da lectura ao Manifesto do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que se achega á presente acta como **anexo I**.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, do Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, que pasa a realizar a presentación do programa, explicando que constitúe un paso máis na aposta da Universidade de Vigo pola captación e retención de persoal investigador de excelencia. Concretamente, oriéntase de modo específico á incorporación á nosa universidade de persoal investigador de calquera ámbito de coñecemento, beneficiario dalgún dos programas do European Research Council (*Starting Grant, Consolidator Grant ou Advanced Grant*).

Continúa a súa exposición indicando que o altísimo nivel de esixencia dos programas do ERC é ben coñecido. Os investigadores e investigadoras seleccionados teñen non só unha traxectoria moi destacada, senón tamén un enorme potencial para a realización de proxectos de investigación pioneiros que poden abrir novos camiños e supoñer un salto cualitativo nos seus respectivos campos de investigación. É evidente o interese da incorporación de adxudicatarios de axudas ERC a calquera institución de investigación. A captación deste tipo de persoal require dispoñer de ferramentas áxiles e competitivas. Na actualidade, non está operativa aínda ningunha iniciativa autonómica ou nacional neste sentido. Polo tanto, consideramos que a Universidade de Vigo non debe esperar á implementación de iniciativas externas, senón que debe dotarse de ferramentas propias que lle permitan avanzar neste camiño.

O programa ofrece inicialmente dous contratos de 5 anos de duración, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de investigador distinguido prevista no artigo 23 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Na convocatoria especifícanse os requisitos dos solicitantes e o procedemento de solicitude. A Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, delegada deste Consello de Goberno, será a encargada do proceso de selección. Tamén se especifica a avaliación intermedia do persoal contratado.

Para rematar, a vicerreitora indica que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación de 19 de novembro de 2015.

Finalizada a súa intervención o reitor abre unha rolda de intervencións na que toma a palabra o representante do alumnado D. Miguel Diéguez quen afirma que lle parece un programa moi interesante, pero traslada algunhas dúbidas. Pregunta se o número de prazas vaise ampliar en posteriores convocatorias e como se repartirían; pregunta tamén si, no caso de que o resultado da contratación fora positivo, se ten previsto que continúe a vinculación destas persoas coa universidade.

Responde a vicerreitora de Investigación e Transferencia dicindo que no propio programa contéplase a posibilidade de ampliar a contratación no caso de presentarse máis candidatos, sempre en función da capacidade orzamentaria. Subliña que, aínda que o contexto é restritivo, si que existe dita posibilidade. En canto á segunda cuestión, comenta que a posibilidade de prolongar a relación con estes investigadores foi estudada. Engade que no espírito de todos está mellorar a convocatoria, complementándoa coas ferramentas necesarias para permitir que se poida manter a vinculación destes investigadores de excelencia coa universidade.

Intervén o reitor para expoñer que se establecerán mecanismos para avaliación dos resultados e para valorar a posible continuación na universidade. Non se especifican as posibilidades xa que depende das posibilidades que se abran cos cambios normativos que se poidan producir.

O profesor Reigosa Roger intervén para subliñar o seu apoio a esta iniciativa. Indica que xa existen programas similares noutras comunidades, pero que a Xunta de Galicia non pon en marcha estes programas, a pesar da publicidade que realiza do Oportunus. Continúa indicando que é difícil captar os talentos que son necesarios, e os resultados que se derivan de programas como o ICREA en Cataluña, demostra que os beneficios derivados son moi importantes, polo que é necesario apoialos.

Manifesta o reitor o seu acordo co indicado polo profesor Reigosa, lembrando que o programa Oportunus deriva do programa IMAN para a contratación de investigadores altamente cualificados para liderar proxectos. Continúa dicindo que como o programa actual quedou paralizado e non remataba de concretarse, e a nosa universidade estaba a perder oportunidades polo que a institución, ademais de seguir a ofrecer o seu apoio para que saia adiante, acordou tomar a iniciativa e abrir esta liña. Engade, para finalizar, que os resultados que se obteñan neste programa tamén poden axudar a que o goberno actúe en consecuencia.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, dos criterios para o financiamento de escolas e facultades.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen presenta esta revisión como unha necesidade de maior transparencia nos criterios empregados no financiamento dos centros da universidade.

Expón o vicerreitor que a compoñente estrutural ou básica do financiamento aos centros que é a que facilita o seu funcionamento e facilita a autonomía na toma de decisións das equipas de dirección e decanatos, foi variando de composición ao longo dos anos. Lembra que a derradeira actuación, aplicada por primeira vez neste exercicio 2015, supuxo a centralización dos consumos de enerxía e quecemento. Esta decisión, pactada coas direccións, tomouse para procurar un aforro de custos pola vía da contratación centralizada. Os centros manteñen a responsabilidade sobre os seus consumos, de xeito que o aforro derivado sería medido e entregado ás escolas e facultades para o seu emprego, situación que está a suceder nestes días.

Polo tanto, na actualidade, continúa o vicerreitor, o financiamento dos centros ten dous grandes piares: O financiamento estrutural e os contratos programa. Complétase con achegas para laboratorios e seminarios docentes e o apoio para os centros con titulacións de grao con dificultades para acadar ao número mínimo de estudantes.

Comeza analizando a compoñente dos contratos programa, que, na opinión do vicerreitor está funcionando bastante ben, e reforza o compromiso da universidade por mellorar os seus

resultados en docencia, investigación e transferencia, xa que o financiamento está en función da mellora medible dos seus resultados. Pero, transcorridos tres anos, considérase necesario realizar unha valoración do resultado do modelo, así coma incorporar propostas de mellora.

Prosigue o vicerreitor indicando que esta revisión é precisa inicialmente porque os indicadores empregados estaban aliñados co Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (2011-2015), coa aprobación do novo plan de financiamento os criterios empregados deben ser adaptados. En segundo lugar acordouse a inclusión do VAD no contrato, xa que antes era independente pero na práctica era xestionada, medida e repartida con outras características técnicas. Por elo considerouse positivo incluír os principais indicadores do VAD nos contratos – programa, e utilizar os mecanismos aplicados nestes para a determinación e aplicación dos resultados.

A continuación o vicerreitor pasa a comentar os cambios propostos na partida de financiamento estrutural. Indica que nesta partida víñase arrastrando unha cantidade que debeu ter sentido na súa orixe, a medida que se conformaban os novos centros, pero adoece hoxe de xustificación, pola ausencia de correspondencia coas as necesidades reais, polo que é de difícil de mantemento. Establece o vicerreitor unha comparación co que acontece no plano de financiamento das universidades, no que a universidade de Vigo percibe un 27%, sen que estea claro o motivo. No plano de financiamento logramos que se obxectivasen os criterios, di o vicerreitor, e a pesar de seguimos a ser críticos con el, polo menos temos un criterio: trátase dun algoritmo bastante complicado, pero detrás se recollen os créditos matriculados en cada universidade.

Polo tanto, prosegue o vicerreitor, pensamos que é o momento de que a nosa institución mude tamén ese criterio, facendo transparente o que reciben os distintos centros nesa partida. Propónse unha distribución simple que foi negociada con todos e cada un dos decanos e directores, e aprobada na Comisión Económica. O criterio que en última instancia debe ser a base do reparto de fondos é o número de créditos matriculados, ponderado en función da relación que establece o decreto de prezos públicos cada ano, xa que a docencia medida deste xeito, é a que define as necesidades de profesorado e de PAS. Pero tamén se deben ter en conta aqueles gastos que dependen só do tamaño do centro en metros cadrados de superficie, e que non gardan unha correlación ou causalidade excesiva co número de créditos. Por último, débese recoller tamén un fondo mínimo por centro que supoña un efecto equilibrador para os centros máis pequenos, que deben ofrecer un conxunto de prestacións aos membros das escolas e facultades sen beneficiarse da economía de escala.

De acordo co antedito, expón o vicerreitor, propónse un modelo de reparto con base en tres criterios, definidos coa ponderación seguinte: Reparto fixo por centro 30%; número de créditos matriculados 60%; superficie do centro 10%.

Continúa dicindo que inténtanse evitar as situacións de inviabilidade, polo que establécense medidas de salvagarda, así o cambio ao novo sistema de financiamento realizarase en tres anos e ningún centro vai baixar en máis dun 10% de un ano para outro. Dado que preocupa a repercusión desta medida nos centros máis pequenos, introdúcese outra medida de salvagarda, e así, no caso de centros moi pequenos inxectarase un financiamento suplementario que garanta o funcionamento do centro.

Inicia a rolda de preguntas o profesor Cuiñas Gómez, quen afirma que, en xeral está de acordo coa proposta, pero quere realizar unha serie de preguntas. En primeiro lugar, en relación co indicador C2 do contrato programa, que mide a participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado, expón o problema de que co retraso que se está a producir na súa realización, tal vez este ano non se leven a cabo neste cuadrimestre. Pregunta como se pode

mitigar este efecto. Por outra banda, engade, este factor pode variar moito dun ano para outro. Formula unha segunda cuestión acerca de se nos méritos de investigación e transferencia computan os profesores pertencentes á Xunta de Centro, os que teñen despacho no centro, ou os que imparten docencia nel.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que computarase a asignación dos profesores aos centros en función do POD. E aclara que a filosofía dos contratos programa e medir a evolución do centro, con respecto da situación anterior, polo que as oscilacións compénsanse dun ano a outro. Neste sentido unha pequena variación por un problema conxuntural supón unha porcentaxe realmente moi pequena.

Intervén o profesor Pou Saracho, que desexa trasladar unha cuestión de fondo e unha menor. Comeza felicitando ao equipo de goberno polo establecemento de criterios transparentes, pero pensa que deberíamos cuestionarnos o modelo dos centros que queremos, xa que deste xeito non se va a realizar a concentración de volume que nas universidades públicas se está levando a cabo. Recalca que no seu centro realizouse unha fusión, pero que teñen a percepción de que ano tras ano o seu orzamento baixa. Neste caso, se contasen como dous centros, computarían dúas veces o 30% do compoñente básico, polo que o resultado sería máis positivo. A pesar do cal, manifesta que vai votar a favor, por solidariedade. Repite que, como universidade, deberíamos considerar cal é o modelo de centros que queremos. Cuestiona agora un aspecto menor, solicita que na valoración da produción científica non se teña en conta só o índice de impacto, senón que se teña en conta o ámbito temático. Solicita tamén que na aplicación do indicador que se relaciona coa acreditación dos títulos, se teña en conta que os centros tecnolóxicos van con retraso neste proceso. Non é que teñan resposta negativa, engade.

O vicerreitor agradece a intervención do director da EEI e explica que ese 30% en efecto favorece aos centros menos grandes, pero que sen este factor nivelador non sería viable o plano de financiamento porque se bloquearían moitos centros, pero se avanza no sentido de acadar unha masa crítica coa proposta de potenciar o financiamento en función dos créditos matriculados, que se vincula tamén co número de alumnos.

En canto a relativización en función do índice de impacto. En efecto considera que é unha proposta razoable, e que este criterio se debe perfeccionar ano a ano. Tal vez non se poida aplicar este ano, porque hai que facer os cálculos de inmediato, pero o ano próximo valorarase a súa inclusión.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para expoñer que os títulos das enxeñarías foron implantados máis tarde, pero acreditáranse antes. Lembra que, ata o de agora só se acreditaron aqueles que o fixeron de forma voluntaria, ningún foi obrigatorio.

A profesora Seoane Posse maniféstase basicamente de acordo co modelo, cunha salvidade manifesta: que en lugar de superficie, debería considerarse a antigüidade do centro, xa que esta leva aparelladas reparacións que incrementan o gasto en mantemento. Tamén apunta á situación dos centros que, como o seu, alberga unidades ou áreas que non gardan relación coas súas titulacións ou o seu alumnado, pero que supoñen un custo, polo que quedan prexudicados.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación, aceptando que certamente no edificio Newton hai servizos centrais que, tralo traslado das instalacións do CACTI ao edificio novo, intentaranse situar no espazo liberado, como xa foi falado coa decana anterior. Engade que, tras a centralización dos consumos alixeiouse a carga que supón para a facultade. Agrádese a paciencia demostrada pola ocupación dos espazos do centro. En relación coa segunda petición, indica que estívose analizando a posibilidade de incluír un criterio de antigüidade, pero a experiencia demostra que, en cuestión de custo de mantemento, non é ese o factor principal,



senón a calidade da construción, exemplo do cal é a antiga Escola de Peritos, o centro máis antigo e que menos problemas causa neste terreo.

Intervén o Sr. Miguel Diéguez, quen indica que inicialmente tiña claro o seu voto favorable, pero ten dúbidas en canto ao criterio que valora a produción científica. Manifesta que non está de acordo en empregar o índice JCR, xa que se trata dunha empresa privada. Doutra banda sinala ter dúbidas con respecto á relación entre sexenios obtidos e os posibles. Explica que no seu centro hai investigadores novos de elevado nivel que non puntúan nese nivel porque son CDI e non computan sexenios. En relación a isto refire que ten coñecemento que en outras universidades si contan sexenios desta categoría. Solicita que ou se teñan en conta os sexenios e contabilicen no cómputo do centro, ou se estabilicen aos CDI.

O vicerreitor indica que a pregunta permítelle explicar que non se comparan os centros entre si, senón consigo mesmo na evolución no tempo. Se un centro ten pouca produción científica e sube, mellora neste índice, se a baixa, descende. Engade que, aínda que se poden discutir os indicadores, estes son os que emprega a XUGA e lembra que o interese desta revisión é aliñar os indicadores empregados do Plan de Financiamento cos do programa proposto.

Por último, di que é imposible que os CDI poidan ter sexenios por impedimento legal e xa se intentou cambiar pero na actualidade a limitación mantense así.

Intervén o reitor para expoñer que a comisión de seguimento que se introduciu no plan de financiamento poderá facer revisións dos criterios empregados; e cuestionarse o oligopolio das editoriais incorporar criterios de transferencia, etc. Reitera que, na medida en que sexa posible cambiar, iranse adaptando os indicadores.

O profesor Álvarez Villamarín transmite os seus parabéns, xa que valora o programa como un paso adiante, coma sempre que se rompe con criterios históricos e se obxectivan os criterios. Considera que estes poderán ir mellorando co tempo. Quere retomar a intervención do profesor Pou Saracho a quen transmite os seus parabéns porque o paso dado polas escolas para unificar os seus centros fora voluntario, non forzado e o compara coa fusión dos concellos que se desenvolve na actualidade. Realiza unha reflexión e unha opinión persoal, refire que a súa situación é a contraria xa que traballa nun centro e reside noutro, situación que acontece porque non se logrou o que conseguiron os enxeñeiros, polo que opina que eles deben valorar moito ese 30%. Pide que se promova dende o equipo de goberno a fusión de certos centros cuxa separación reviste efectos negativos de todo tipo. Deben incentivarse ás fusións, reitera.

O vicerreitor considera que se trata dun tema interesante e de actualidade, e que, en efecto, noutras universidades se están a realizar fusións motivadas por necesidades económicas. A este nivel, prosegue, o equipo de goberno ten unha posición clara: non imos buscar a solución dos problemas económicos a través deste tipo de medidas. Pero se acordamos abordar esta cuestión da configuración de centros e departamentos, debe ser relacionada con temas de mellora da calidade ou funcionalidade académica ou de mellora da oferta.

Intervén o reitor, para reforzar esta idea. Indica que o equipo de goberno ten claro que a fusión e centros de departamentos baseados en cuestión económicas permite dar visibilidade ás medidas de axuste económico que toman algunhas institucións. Pero no caso desta universidade, prosigue o reitor, o marco no que se debe debater esta cuestión é na definición dos novos estatutos. No proceso de elaboración da normativa, deben incluírse factores que favorezan a colaboración intelixente entre centros e departamentos e que permitan promocionar estas unións. En algúns casos a especificidade dun centro pode levalo a ser pequeno, pero noutros casos a cooperación e a masa crítica débese primar. Finaliza o reitor dicindo que xa neste programa se marca unha

tendencia nesa dirección ao primar a masa crítica, si ben é certo que algún centro o pode prexudicar inicialmente, como indica o director da EEI.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 6.** Proposta de nomeamento, se procede, dos representantes do alumnado na Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo.

En ausencia do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, o reitor cede a palabra á secretaria xeral, que refire que na sesión do Consello de Goberno de 7 de maio de 2013 aprobouse o Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo que crea, no seu artigo 6, a Comisión de Mobilidade Internacional como comisión técnica que ten como obxectivo velar polo desenvolvemento do Regulamento citado. Tamén se indica que os membros de dita comisión serán nomeados polo reitor a proposta deste Consello de Goberno, e a súa renovación realízase cada catro anos, agás no caso das e dos representantes do estudantado, que terá lugar cada dous anos.

Nestes momentos cumpre renovar os dous representantes do estudantado da Comisión de Mobilidade Internacional, e a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais suxire ás estudantes: Sabela Bará Louro, alumna do Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria e Raquel Armán Prieto, alumna do Máster Universitario en Tradución Multimedia, para que o Consello de Goberno as propoña ao reitor para o seu nomeamento. Explica a secretaria xeral que estas estudantes comezaron este curso un período de formación na Oficina de Relacións Internacionais simultaneamente cos seus estudos universitarios, esta razón, xunto coa súa formación académica fai que a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais considere que son candidatas idóneas para formar parte da comisión citada.

Intervén o representante de alumnos Miguel Diéguez quen, tras aclarar que non se deben entender as súas palabras como un ataque a estas compañeiras, que sen dúbida reúnen as características axeitadas, pregunta se esta selección foi consensuada cos outros representantes de alumnos, xa que el non estaba informado.

O reitor comenta que, ao non estar o vicerreitor non pode garantir se mantivo conversas cos estudantes e pregunta aos representantes presentes se estes nomes foron negociados con eles. Consulta cos outros representantes presentes no Consello de Goberno e, ao recibir unha resposta negativa, e vendo que non existiu negociación previa cos representantes dos estudantes, retira a proposta.

O reitor propón que se retire a proposta xa que parece que non está negociada cos representantes dos estudantes e que sexa presentada nun posterior Consello de Goberno, despois de que o vicerreitor fale cos representantes dos estudantes e acorden unha proposta.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do H2020 – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Estado do Amapá – Convenio marco de

colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad La Gran Colombia, Bogotá, Colombia.

O Sr. Diéguez Rodríguez realiza dúas cuestións en relación co Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas. En primeiro lugar di que, segundo se recolle no convenio, estará vixente tan só ata xuño de 2016, pregunta se está prevista a súa continuidade. E, en segundo lugar, di que o convenio aplícase ao persoal investigador que chegou á fase final nas convocatorias de axudas do ano 2014, e pregunta por que non se estende aos anteriores.

Responde a vicerreitora de Investigación e Transferencia explicando que este convenio inscríbese no programa Oportunus, que está circunscrito no programa europeo de I+D+i Horizonte 2020. E aclara que, por esta causa, non pode estenderse a un período previo ao 2014, xa que o marco do H2020 é 2014-2020. E confirma que existe vontade de dar continuidade a este convenio, polo que confía en que haberá prórroga.

Apróbanse os convenios por asentimento.

Chegados os puntos relacionados coas eleccións, o reitor cede a palabra á secretaria xeral, que explica que non é necesario celebrar eleccións en ningún dos casos, xa que se presentaron o mesmo número de candidaturas ou menor que o de prazas a cubrir. Polo que pasa a dar lectura ás candidaturas presentadas para cada un dos casos.

**Punto 8.** Elección de representantes na Comisión de Calidade: 1 Estudante e 1 PAS.

Candidaturas presentadas:

Sector estudantes: D. José Miguel Diéguez Rodríguez

Sector PAS: D. Rodrigo Alberte Pivida

**Punto 9.** Elección de representantes no Consello Social: 1 Estudante.

Candidatura presentada: D. José Miguel Diéguez Rodríguez

**Punto 10.** Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 Estudante.

Non se presentou ningunha candidatura, polo que queda a praza vacante.

**Punto 11.** Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 Estudante e 2 PDI.

Candidaturas presentadas:

Sector estudantes: Non se presentou ningunha candidatura polo que queda unha vacante.

Sector PDI: D<sup>a</sup>. Elena Celsa Seoane Posse. E queda unha praza vacante.

**Punto 12.** Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 Estudante e 1 PDI.

Candidaturas presentadas:

Sector estudantes: D. José Miguel Diéguez Rodríguez

Sector PDI: D. Jose Carlos Álvarez Villamarín

**Punto 13.** Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI.

Non se presentou ningunha candidatura polo que queda vacante.

Quedan nomeados como representantes os candidatos anteriores

**Punto 14.** Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Rodríguez Berrocal para indicar que vai proceder a realizar un encargo do profesor Rodríguez Gallardo dando lectura a un documento que lle foi entregado. Explica que, como o seu contido afecta ao representante da UXT, xa o comentou previamente co Sr. Bienvenido Díez. Desculpase por dar lectura ao texto en castelán, a pesar de que está escrito en galego. Inclúese como **anexo II** a esta acta.

Finalizada a lectura, pregunta o reitor se o representante de UXT no Consello de Goberno quere intervir. O Sr. Bienvenido Díez rexeita participar.

O representante de alumnos Adrián Blanco, refire os problemas existentes coa instalación eléctrica da Facultade de Bioloxía, na que se producen caídas no subministro. Indica que no centro non lle dan resposta.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación indicando que dende hai anos vense tratando de renovar a instalación eléctrica dese edificio, pero vaise realizando por etapas, en función do orzamento. Non pode concretar si está previsto acometer esa reparación nesta etapa ou non.

Insiste o Sr Blanco en que é absurdo que se lles diga que non se pode arranxar.

O vicerreitor responde que as instalacións teñen unha vida útil, que pasado ese tempo comeza a dar problemas e se solucionan en función da dispoñibilidade.

Intervén o profesor Reigosa Roger con dous rogos:

- En primeiro lugar, a noticia de prensa aparecida en relación coa participación na Semana de Cine Submarino de Vigo do cazatesouros Robert Sténuit. Pregunta polo papel da Universidade de Vigo nesta semana, supón que será de coordinación, xa que os poñentes deben de ser elixidos polo comité organizador. Pero solicita que sexamos áxiles en frear as noticias como esta.

- O segundo, ten que ver co tema da realización das enquisas docentes. Pregunta por que se modificou o sistema de realización que se viña seguindo se funcionaba satisfactoriamente, e coa empresa actual, non funciona. Solicita que se repense o sistema de realización.

Responde inicialmente o reitor indicando que se trasladará ao vicerreitor o seu rogo e a súa dúbida en canto á organización da Semana de Cine. En canto a noticia, lembra que nas noticias non se pode influír, que aínda así só un periódico se fixo eco deste tema. Recóllese a suxestión.

En relación co tema das enquisas, responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Lembra que hai dous ano produciuse un cambio na normativa de bolsas. Explica

que as bolsas son de formación, polo que as actividades que se realicen deben ter carácter formativo. Resulta evidente, continúa a vicerreitora, que a realización de enquisas non ten ese carácter, polo que non se pode acoller a este modelo. Recalca que se pode repensar, que pódese modificar o modelo que temos na actualidade, pero volver a o modelo anterior, non é posible.

Prosigue informando de que, en canto á realización das enquisas este ano, a empresa que gañou retirouse e houbo que sacar o concurso outra vez. Novamente a empresa que gañou, retirouse e houbo que chamar a seguinte, todas estas circunstancias produciron un retraso.

O profesor Reigosa di que non se refería ás bolsas. E a vicerreitora insiste en que se pode repensar o modelo de realización, que as enquisas poderían facerse on-line e que se busca incentivar a participación maioritaria do alumnado porque é unha valoración da actuación do profesorado. Continúa dicindo que os problemas anteriores reduciron os días de clase nos que se poden facer as enquisas, pero se van realizar igual. Non teñen por que realizarse en días de clase, nin sequera no mesmo cuadrimestre, se se chega a un acordo cos profesores. Pero, matiza, convén deixar claro que a non realización de enquisas tampouco ten incidencia na consecución de quinquenios.

O profesore Pou Saracho, di que a súa intervención ten que ver co informe do reitor , pero considerou máis acaído traelo a este punto de rogos e preguntas. Pregunta como incide no desenvolvemento do Vigo Tecnolóxico a creación en Ferrol do Campus Industrial, trala sinatura do convenio de colaboración entre o conselleiro e a Universidade da Coruña. Recalca que é necesario impulsar definitivamente este proxecto.

Intervén o reitor para explicar que cando se propuxo a especialización dos Campus el insistiu en que Ferrol debería centrarse no naval, pero finalmente a Universidade da Coruña denominouno dunha maneira global, que inclúe todo. Deste xeito o grao de especialización é nulo. Subliña que a incidencia no desenvolvemento do noso proxecto será nula. Continúa expoñendo que, tras o apoio recibido polo Campus Terra en Lugo, logo o de Ferrol, a proposta do Campus CREA de Pontevedra xa está tramitada e xa está programada á correspondente ao INEX. Di que está pendente a constitución do comité directivo, un pouco á espera a que o comisionado, D. José Antonio Vilán se reincorpore, xa que está de baixa.

O profesor Rafael Vallejo, retoma o tema das enquisas e subliña a importancia da eficacia, polo que apoia a idea de que se realicen de xeito electrónico: isto suporía un aforro de diñeiro, papel e podería lograrse unha maior resposta por parte do alumnado.

E, non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 h do día 27 de novembro de 2015, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris